

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 29 DE DECEMBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental da actuación: vía de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas. Treito: A-52 – N-525, de clave OU/08/053.01.1, nos concellos de San Cibrao das Viñas e Taboadela.

CONSELLERÍA DE MAR

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Juan Carlos Maneiro Cadillo como director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a Mercedes Rodríguez Moreda.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual relativo á Resolución pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en diversas áreas da Axencia Turismo de Galicia durante os anos 2017-2018 e se procede á súa convocatoria, por importe de cincuenta e dous mil douscentos corenta e oito euros con sesenta céntimos (52.248,60€), e polo que se autoriza o establecemento de pagamentos en porcentaxe superior ao previsto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual relativo á Resolución pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2017 e 2018 e se procede á súa convocatoria, por importe de cento vinte e seis mil catrocentos noventa e cinco euros con setenta euros (126.495,70 €), e polo que se autoriza o establecemento de pagamentos en porcentaxe superior ao previsto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se aproba o II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono Alugueiro Social do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de São Paulo para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade do Estado de Río de Janeiro para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de gasas e compresas de algodón e tecido sen tecer, compresas tocolóxicas e absorbentes infantís para as xerencias de xestión integrada dependentes do Servizo Galego de Saúde, por importe catro millóns trescentos catro mil cincocentos cincuenta e sete euros con vinte e seis céntimos (4.304.557,26 €) e un valor estimado de dez millóns cento trece mil trescentos noventa e tres euros con corenta e dous céntimos (10.113.393,42 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de próteses de cadeira con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de trinta e tres millóns cincocentos setenta e un mil douscentos setenta e oito euros (33.571.278,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños, para a execución do programa de integración familiar. Importe: catrocentos dezaoto mil euros (418.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de

iniciativa social e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. Importe: tres millóns cento sesenta mil cento cincuenta e dous euros (3.160.152,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras, por un importe total dun millón oitocentos vinte mil euros (1.820.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a prórroga no ano 2017, para desenvolver un proxecto de investigación conxunto para a determinación e estudo dos patóxenos que xeran pragas e enfermidades agrícolas e forestais e o desenvolvemento de métodos eficaces de loita contra eles e por un importe total de setenta e dous mil euros (72.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para a transmisión mediante adxudicación directa, a título gratuíto, de varias parcelas a distintos concellos de Galicia por motivos de interese social determinados.

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Resolución pola que se aproba o financiamento do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais no marco do Plan concertado.

A XUNTA APROBA A PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA GARANTIR O NORMAL FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS E OS PAGAMENTOS AOS PROVEDORES

- *Tamén permitirá aboar de xeito ordinario os salarios dos empregados públicos, as prestacións por dependencia ou a RISGA*
- *A Xunta prevé aplicar esta prórroga pouco máis dun mes, xa que a votación dos orzamentos para 2017 no Parlamento está prevista para febreiro*
- *Quedan excluídos os gastos de actuacións que rematan no actual exercicio*
- *O orzamento prorrogado adaptarase para recoller todas as modificacións consolidables aprobadas este ano, coma os cambios na estrutura da Xunta*
- *A prórroga tamén autoriza a tramitar anticipos de gasto, o que permitirá axilizar proxectos antes da aprobación do novo orzamento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de prórroga dos actuais orzamentos, que se aplicará ata que entren en vigor as contas públicas para 2017 xa aprobadas polo Goberno galego e que están a ser tramitadas no Parlamento. Esta prórroga xa está prevista na lexislación autonómica e permitirá garantir o normal funcionamento da Administración autonómica e dos servizos públicos que presta, nomeadamente no eido sanitario, educativo e dos servizos sociais.

Esta prórroga tamén permitirá efectuar de xeito ordinario o aboamento das retribucións dos empregados públicos da Xunta, as prestacións por dependencia ou a Renda de Integración Social (RISGA), así como os pagamentos aos provedores da Administración galega.

O decreto establece que quedan excluídos da prórroga aqueles gastos correspondentes a actuacións que deben quedar ultimadas ao finalizar o exercicio 2016, así como aquelas actuacións financiadas con fondos finalistas non prorrogables. En canto aos ingresos, a prórroga non afectará aquelas normas de vixencia indefinida que poida recoller a Lei de orzamentos, e que seguirán estando vixentes.

Ademais, o orzamento prorrogado adaptarase para recoller todas as modificacións aprobadas ao longo deste ano e que se consolidarán en 2017, e que non figuraban no orzamento inicial, como, por exemplo, os cambios na estrutura da Xunta.

Así, no referente ao gasto corrente, durante a vixencia da prórroga, a Administración galega tramitará os expedientes de gasto polos gastos ordinarios de funcionamento precisos para a prestación dos servizos públicos, e tamén polos compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores.

Investimentos e anticipos de gasto

En canto aos investimentos, a Xunta tamén tramitará, entre outros, os expedientes de gastos polos compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores, o que, por exemplo, evitará dilacións na execución de infraestruturas. O decreto de prórroga establece tamén que a Xunta de Galicia non procederá á tramitación de ningún expediente novo, agás nos supostos de expedientes de gasto de urxente e inaprazable necesidade.

O decreto de prórroga tamén autoriza a Xunta a atender os expedientes de gasto de tramitación anticipada. Estes anticipos de gasto permitirán axilizar proxectos antes da aprobación do novo orzamento, evitando así dilacións.

Entrada en vigor

A prórroga dos actuais orzamentos entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro e aplicarase ata que a cámara autonómica dea luz verde ao proxecto de Lei de orzamentos para 2017, aprobado pola Goberno galego o pasado 2 de decembro, só nove días despois da aprobación do teito de gasto no Parlamento. A votación das contas da Xunta para o vindeiro ano está prevista para o mes de febreiro, polo que o Goberno galego prevé aplicar esta prórroga orzamentaria pouco máis dun mes.

Os orzamentos da Xunta prorróganse a consecuencia do proceso electoral do pasado 25 de setembro. O novo goberno de Galicia tomou posesión o pasado 14 de novembro, polo que non foi posible presentar o 20 de outubro o proxecto de Orzamentos xerais de Galicia para o vindeiro exercicio, como acontece de xeito habitual. A Xunta xa habilitou este mecanismo nos dous primeiros meses de 2013 pola convocatoria de eleccións en outubro de 2012.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS DA NOVA VÍA DE CONEXIÓN DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS COA AUTOVÍA A-52

- *O orzamento estimado para as expropiacións é de preto de 530.000 euros e o importe de licitación do proxecto de construción ascende a 27,4 millóns de euros*
- *O obxecto desta actuación é a construción dunha vía de 4,5 quilómetros que reducirá o percorrido de conexión coa A-52 nun 66% e mellorará a conectividade coa autovía de Celanova*
- *A nova infraestrutura comezará no enlace de Gargantós da A-52, onde se conecta a autovía co viario local e a autovía Ourense- Celanova e disporá dun viaduto de 510 metros sobre o rego de San Benito, 6 pasos inferiores e un superior*
- *A Xunta, consciente de que esta área industrial é estratéxica na provincia e na comunidade, impulsa unha conexión que mellorará a mobilidade e atenderá a demanda empresarial e cidadá, consolidando os proxectos xa asentados e atraendo novos investimentos*

O Consello da Xunta aproba o proxecto de decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental das obras da vía de conexión da A-52 co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, no treito A-52 – N-525, nos Concellos de San Cibrao das Viñas e Taboadela.

O orzamento estimado para as expropiacións é de preto de 530.000 euros e o de licitación do proxecto de construción ascende a 27,4 millóns de euros. A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten prevista a licitación do contrato de obras ao longo do ano 2017, polo que reservou nos orzamentos da Xunta unha partida específica para esta actuación, ao tempo que se recollen os fondos necesarios para executala nos orzamentos futuros. Ademais, os esforzos do executivo autonómico lograron a disposición de 15 millóns de euros de fondos FEDER, do período operativo 2014-2020, para garantir a execución desta conexión.

O obxecto desta actuación é a construción dunha vía de novo trazado, que contará con 4,5 quilómetros de lonxitude e percorre os termos municipais de San Cibrao das Viñas e de Taboadela. Unha vez que estea en servizo reducirá o percorrido de conexión coa A-52 nun 66%, ao pasar de 11 a 4,5 quilómetros, e, adicionalmente, mellorará a conectividade coa autovía de Celanova.

O trazado escollido é a alternativa máis viable e axeitada, compaxinando a menor afección posible cos terreos, edificacións e infraestruturas xa existentes cos requirimentos técnicos que ten unha vía destas características. Así, a nova infraestrutura comezará no enlace de Gargantós da A-52, onde se conecta a propia autovía co viario local e a autovía AG-31 (Ourense-Celanova). A vía disporá de

estruturas singulares como un viaduto de 510 metros sobre o rego de San Benito, 6 pasos inferiores e un superior.

A tramitación deste expediente expropiatorio, ademais de iniciar o proceso para a obtención dos terreos para a execución das obras, é necesaria neste momento para poder realizar as sondaxes xeotécnicas no punto exacto onde se situará a cimentación das pías do viaduto previsto, e así contar coa máxima información posible para a execución das obras.

Pulo á industria

O polígono de San Cibrao das Viñas conta con 5 millóns de metros cadrados de superficie; con máis de 300 empresas instaladas; e dá emprego a preto de 8.000 persoas. Trátase dun motor económico para toda a provincia que precisa das boas conexións coa rede viaria de alta capacidade para incrementar a súa eficacia na distribución de materias e mercadorías e xerar maior actividade.

A Xunta, consciente de que esta zona industrial é estratéxica na provincia, pretende impulsar unha conexión que atenderá a demanda empresarial e cidadá, favorecerá a mobilidade e os desprazamentos nesta área industrial e ofrecerá novas facilidades para que as industriais alí asentadas poidan medrar. A mellora das conexións suporá novas oportunidades para que o polígono se converta en polo de atracción de novos investimentos na provincia de Ourense e de toda Galicia.



A XUNTA NOMEA DIRECTORA XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA A MERCEDES RODRÍGUEZ MOREDA

- *É licenciada en Dereito e premio extraordinario de Licenciatura pola Universidade de Santiago de Compostela*
- *Está especializada en temas pesqueiros e participa en numerosos consellos de ámbito europeo e internacional*
- *Releva no cargo a Juan Carlos Maneiro Cadillo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Mercedes Rodríguez Moreda como directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica en substitución de Juan Carlos Maneiro Cadillo. Rodríguez Moreda, nada en Foz en 1971, é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e premio extraordinario de licenciatura no ano 1994.

Desde a súa colexiatura exerce como avogada por conta propia na súa vila natal, Foz. No ano 1997 prestou asesoramento xurídico da OPP-07-LUGO (Organización de Productores Pesqueros de Lugo) e aos seus asociados ata 1999, ano no que pasou a ser a directora xerente da entidade.

Especializada en temas pesqueiros, ten representado a unha parte do sector pesqueiro galego en distintas audiencias ante a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo. Tamén é membro fundadora do Consello Consultivo Rexional das Augas Occidentais do Noroeste e das Suroccidentais e de Larga Distancia. Ten participado en numerosos grupos de traballo en materia pesqueira en calidade de experta e ten exercido como profesora en varios másters e Cursos de Posgrao sobre Economía Pesqueira da Universidade de Santiago de Compostela.

TURISMO DE GALICIA DESTINARÁ PRETO DE 179.000 EUROS PARA 14 BOLSAS DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN MATERIA DE TURISMO

- *Cinco delas realizaranse en Londres, París, Berlín, São Paulo e Os Ánxeles para fomentar a formación especializada na promoción exterior de Galicia*
- *As nove restantes desenvolveranse na Comunidade, en departamentos de Turismo de Galicia, para o perfeccionamento profesional dos titulados*

O Consello da Xunta autorizou hoxe destinar 178.744,3 euros para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de 14 bolsas de formación práctica en materia de turismo, cinco en oficinas de turismo de mercados emisores e nove en departamentos de Turismo de Galicia.

As bolsas que se desenvolverán na rede de Oficinas Españolas de Turismo no Estranxeiro terán unha duración de dez meses. Nesta ocasión o destino dos bolseiros serán as cidades europeas de Londres, París e Berlín e tamén São Paulo (Brasil) e Os Ánxeles (California).

O obxectivo desta iniciativa é promover a formación práctica especializada. Deste xeito, os beneficiados terán a oportunidade de converterse en expertos en promoción exterior do turismo e actuar como base de apoio á captación da demanda turística a Galicia, mellorando a comercialización e difusión dos produtos turísticos galegos no exterior.

Bolsas formativas en Galicia

Das nove bolsas de formación práctica que se desenvolverán en distintas áreas de Turismo de Galicia para fomentar o perfeccionamento profesional, unha delas concederáse para a especialización na Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia, departamento crucial para potenciar Galicia como un destino turístico máis competitivo. O bolseiro, neste caso, aprenderá sobre o tratamento e a análise de datos turísticos.

As oito bolsas restantes terán unha duración de seis meses e serán para a formación especializada en promoción e información turística e terán como destino as oficinas de turismo das cidades de Santiago, con tres prazas, e da Coruña, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense, cunha praza en cada caso. Estas oficinas de información turística prestan un servizo importante para os turistas e visitantes e contribúen a proxectar a imaxe de Galicia no exterior.

Turismo de Galicia convoca estas bolsas de formación co obxectivo de permitir aos titulados acceder a prácticas tuteladas que actualicen e melloren os seus coñecementos e habilidades en materia turística.

Estas iniciativas prácticas xa se desenvolveron en anos anteriores e son actuacións que se poñen en marcha desde Turismo de Galicia para fomentar a especialización e a formación no campo do turismo de cara a conseguir que Galicia se adapte ás demandas dos visitantes e se sitúe como un destino máis competitivo e caracterizado pola calidade. Os interesados poderán consultar todos os requisitos e presentar a súa solicitude unha vez que a convocatoria se publique no Diario Oficial de Galicia.

A XUNTA IMPULSA O II PROGRAMA GALEGO DE MULLER E CIENCIA PARA AVANZAR NA IGUALDADE EFECTIVA NOS ÁMBITOS SOCIAL E LABORAL

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe este programa, que conta cun financiamento específico de máis de 9 millóns de euros entre 2016 e 2020*
- *O texto considera conseguir o compromiso das institucións implicadas no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para a integración do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes*
- *Tamén busca equilibrar a presenza de mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación tanto nas áreas de coñecemento como nos postos de responsabilidade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020, que busca a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes nos ámbitos social e laboral modificando valores, actitudes e estereotipos que sustentan a desigualdade nos ámbitos científico e tecnolóxico e potenciando a participación das mulleres en condicións de igualdade.

O papel esencial que ten a investigación e a innovación no esforzo por un crecemento intelixente, sustentable e inclusivo en Europa implica facer un uso completo do capital humano, incluíndo a mulleres e homes por igual. Por iso, a Estratexia Europa 2020 expón a redución das desigualdades de xénero no mercado de traballo como un dos factores esenciais para un crecemento intelixente, sustentable e integrador.

Con ese obxectivo, en novembro de 2015 creouse un grupo de traballo no que participaron representantes de GAIN, Amtega, Sanidade, Secretaría Xeral de universidades e a Secretaría Xeral da Igualdade, dándolle, polo tanto, un enfoque participativo coas persoas que integran as institucións presentes na Unidade de Muller e Ciencia.

O pasado mes de setembro o Pleno da Unidade da Muller e Ciencia deu o visto e prace ao texto do programa, que se presenta estruturado en tres bloques. Por unha banda, a análise diagnóstica, na que se reflicten as políticas e iniciativas europeas, estatais e autonómicas no ámbito da igualdade de xénero e a investigación; a situación das persoas no sistema galego de ciencia tecnoloxía e innovación, así como os procesos e procedementos de traballo.

O segundo bloque é a estratexia de actuación, núcleo central do programa, que recolle, de forma estruturada e xeral, os contidos para desenvolver durante a súa vixencia para reducir as fendas de xénero e avanzar cara á igualdade de mulleres e homes. A estratexia prevé tres eixos.

Eixo 1. Cambio institucional e organizacional

Este eixo ten o obxectivo xeral de conseguir o compromiso das institucións implicadas no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para a integración do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Ademais, define tamén dous obxectivos específicos: consolidar a integración da perspectiva de xénero como principio reitor do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación. E reducir a influencia dos estereotipos de xénero mediante accións de sensibilización á sociedade en xeral, e en particular, no ámbito educativo, con actividades de divulgación científica.

Eixo 2. Presenza equilibrada no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación

O obxectivo xeral é equilibrar a presenza de mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación tanto nas áreas de coñecemento como nos postos de responsabilidade. E, en concreto, reducir a segregación horizontal e vertical que se produce no mundo da investigación, ciencia e tecnoloxía; así como mellorar a visibilidade do traballo e achega das mulleres ao mundo da ciencia, tecnoloxía e innovación impulsando referentes femininos.

Eixe 3. Perspectiva de xénero en procesos e procedementos de traballo

Busca integrar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en cada fase da produción, transferencia e aplicación do coñecemento.

Por último, o terceiro bloque do programa é o Sistema de Xestión e Seguimento, no que se prevé a programación anual das accións que se van desenvolver en cada exercicio e o sistema de seguimento e avaliación.

Estratexia transversal

O II Programa galego de Muller e Ciencia está concibido como unha estratexia transversal na que se integrarán todos os esforzos dos departamentos que compoñen a Unidade de Muller e Ciencia.

Conta cun financiamento específico de máis de 9 millóns de euros (9.286.879 euros) entre 2016 e 2020, de forma que se dispoña das reservas orzamentarias necesarias para garantir a correcta execución das actuacións previstas. Debe terse en conta que moitas das actuacións non levan aparelado contido económico ou son de difícil cuantificación a priori por estar baseadas na participación, colaboración e cooperación de todas as institucións e axentes, públicos e privadas, que interveñen no ámbito da ciencia, da tecnoloxía e da innovación en Galicia, para acadar o cambio de valores, actitudes e estereotipos que sustentan a desigualdade neste ámbito.

A XUNTA DESTINARÁ 5 MILLÓNS DE EUROS Á CONVOCATORIA DAS AXUDAS DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL PARA 2017 E AMPLIARÁ A SÚA DURACIÓN DE DOUS A TRES ANOS

- *Coa modificación da orde tamén serán beneficiarios destas subvencións os arrendatarios de vivendas de promoción pública da Xunta cuxa vixencia do contrato rematase despois da entrada en vigor desta orde*
- *Outros beneficiarios destas axudas serán as persoas que por circunstancias de emerxencia social e non acadar os ingresos establecidos no Programa de vivendas baleiras, se lles propoña a adxudicación dun inmoble*
- *O Bono de Alugueiro Social enmárcase nas 12 medidas da Xunta fronte aos desafiuzamentos e mediante as que xa se atendeu máis de 1.100 familias*
- *Esta iniciativa consiste nunha axuda mensual de ata 200 euros para o pagamento do alugueiro, ademais de 600 euros para os gastos derivados da formalización de novos contratos de alugueiro ou o pagamento de atrasos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria das axudas do Bono de Alugueiro Social para 2017 mediante o investimento de cinco millóns de euros que se destinarán a subvencións que se concederán este ano e se prorrogarán ata 2019 ou 2020.

Esta orde establece que a contía poderá ser obxecto de ampliación no caso de que sexa preciso facelo se os fondos consignados non son suficientes para atender a todos os solicitantes que cumpran os requisitos establecidos para acceder a estas axudas.

Todas as persoas que resultaron beneficiarias da axuda ao abeiro das convocatorias realizadas a través das ordes do 7 de agosto e o 23 de decembro de 2015 poderán solicitar a prórroga da dita subvención ata un máximo de tres anos en total. As solicitudes para a concesión da axuda poderán presentarse a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia (DOG) e ata o 20 de novembro de 2017.

O Bono de Alugueiro Social enmárcase nas 12 medidas adoptadas pola Xunta fronte aos desafiuzamentos e en defensa do dereito á vivenda. Ao abeiro destas iniciativas xa se atenderon máis de 1.100 familias, entre as que se atopan as 248 ás que xa se lles concedeu o Bono de Alugueiro Social

Esta medida de apoio consiste nunha axuda mensual de ata 200 euros e por un prazo máximo de tres anos para o pagamento do alugueiro da vivenda, ademais dunha axuda única de 600 euros para os gastos derivados da formalización de novos contratos de alugueiro ou para o pagamento de atrasos no caso de permanecer na vivenda obxecto do procedemento xudicial de desafiuzamento.

Beneficiarios

A orde aprobada hoxe establece a incorporación de dous novos colectivos susceptibles de beneficiarse das axudas do Bono de Alugueiro Social, que son:

- Arrendatarios de vivendas de promoción pública propiedade da Xunta cuxa vixencia do contrato rematase despois da entrada en vigor desta orde.
- Persoas que por concorrer circunstancias de emerxencia social e non acadar os ingresos necesarios establecidos no Programa de Vivendas Baleiras, a comisión de seguimento e coordinación do dito programa lles propoña a adxudicación dunha vivenda no marco do dito programa

Estes novos colectivos súmanse aos xa incluídos na lista de posibles beneficiarios destas axudas, que son os seguintes:

- As persoas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda por estaren inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora dunha demanda de desafuzamento por non pagamento das rendas ou que se ditase unha resolución xudicial nun procedemento de similar natureza.
- As vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na rede galega de acollemento para este colectivo e adscritos a unha Administración pública.
- As unidades de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.
- Os beneficiarios do Programa Aluga, que rematasen o período de desfrute desta axuda dentro dos nove meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono Alugueiro Social e acrediten non ter capacidade económica para o pagamento da vivenda.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN APOSTA POLOS VÍNCULOS COA LUSOFONÍA E RENOVA A COLABORACIÓN CON UNIVERSIDADES BRASILEIRAS PARA A DIFUSIÓN DA LINGUA E CULTURA DE NOSO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura de convenios con São Paulo e Río de Janeiro*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura de novos acordos de colaboración coas universidades de São Paulo e do Estado do Río de Janeiro, a través dos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria favorece a proxección exterior da lingua, literatura e cultura galegas. Deste xeito, o departamento educativo da Xunta de Galicia aposta unha vez máis por aproveitar as sinerxías que ofrecen os vínculos da lusofonía para continuar difundindo a lingua e cultura de noso.

Ao abeiro destes acordos, que supoñen un investimento total de 24.000 euros, as universidades comprométense a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia, mantendo, ademais, estas ensinanzas nos seus plans de estudos. A achega do convenio ha cubrir tamén a contratación dun profesor ou profesora lector para desenvolver as actividades e conseguir os obxectivos formulados, así como a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario.

Fomento das relacións

As universidades de São Paulo e do Estado do Río de Janeiro constitúen importantes focos de promoción do galego pola súa entidade nun país estratéxico, para o fomento dos vínculos coa lusofonía. Brasil enmárcase dentro dos Estados de fala portuguesa con moita relación cultural con Galicia e que, ademais, é unha das economías emerxentes do mundo enteiro, cunha gran proxección internacional.

Neste sentido, a Consellería de Cultura e Educación está a fomentar as relacións entre os países lusófonos a través da oportunidade que supón falar linguas irmáns. De feito, tamén en Galicia se está a impulsar o ensino do portugués nos centros educativos, unha das liñas de actuación que se están a desenvolver ao abeiro da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e dos vínculos coa lusofonía, coñecida como 'Lei Paz Andrade'. Entre outras iniciativas, tamén se acaba de poñer á disposición da cidadanía unha versión do Diario Oficial de Galicia traducida ao portugués.

O labor realizado neste eido vén, non en balde, de ser recoñecido coa incorporación de Galicia á Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP), órgano de máximo nivel no ámbito lusófono, por medio do Consello da Cultura Galega.

Centros para a proxección exterior da lingua

A creación dos centros de estudos galegos enmárcase na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Por outra banda, estes centros responden aos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega fixados no ámbito da proxección exterior, pois, a través deles, a Consellería de Cultura e Educación desenvolve accións para dar a coñecer a lingua propia de Galicia e promove a investigación arredor do galego en 35 universidades europeas e americanas.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

A maioría destes centros –en concreto, 27 dos 35 existentes- refórzanse coa presenza de profesorado leitor que, como complemento á súa actividade formativa, desenvolve labores de docencia, de investigación e de promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas.

SANIDADE DESTINARÁ PRETO DE 34 MILLÓNS Á COMPRA DE PRÓTESES DE CADEIRA, QUE POR PRIMEIRA VEZ SE FARÁ DE FORMA CENTRALIZADA

A Xunta vén de autorizar, na súa reunión semanal, a contratación da subministración sucesiva de próteses de cadeira, con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de 33.571.278 euros. É a primeira vez que estes produtos se adquiren por contratación centralizada.

Con esta licitación preténdese adquirir próteses de alta calidade, dispoñer dos depósitos de material adecuados ás necesidades de cada centro e simplificar o material implantable, tendo en conta as cirurxías e procesos que se veñen realizando habitualmente nos centros sanitarios do Sergas. Ademais, o sistema permitirá conseguir unha maior eficiencia na compra -cun único expediente de contratación para todo o Sergas- e un mellor prezo, o que contribúe á sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego. Considérase que con esta licitación se podería conseguir un aforro dun 15% sobre os prezos medios do Sergas.

Para o desenvolvemento desta contratación, constituíuse un grupo técnico formado por persoal sanitario facultativo especialista en Traumatoloxía. Este grupo técnico colaborou nos traballos de selección, agrupación e desagregación de lotes, na redacción dos requisitos do prego de prescricións técnicas e na definición dos criterios de adxudicación de tipo técnico. Na fase de licitación encargárase do asesoramento e informes técnicos.

Optouse por unha tramitación dun acordo marco con varios empresarios -tres como máximo por lote- mediante procedemento aberto. Na primeira fase valoráranse homoxeneamente, para todos os centros do Sergas, a calidade e evidencia científica e clínica dos implantes e a oferta económica e lóxística; e nunha segunda fase, as Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) adxudicarán os contratos mediante outros criterios adaptados ás súas necesidades.

Polo tanto, este acordo marco permite flexibilidade ás Estruturas de Xestión Integrada do Sergas para adaptar as adquisicións de implantes de cadeira ás súas necesidades, tendo presentes os principios de igualdade no acceso, equidade, calidade e sustentabilidade económica das prestacións.

Gasas e compresas

Así mesmo, o Consello da Xunta autorizou a tramitación da subministración sucesiva de gasas e compresas de algodón e tecido sen tecer, compresas tocolóxicas e absorbentes infantís para as Xerencias de Xestión Integrada do Sergas, por un valor estimado de 10,1 millóns de euros. Sinalar que estes artigos son a primeira vez que se adquiren por contratación centralizada.

Ademais de garantir a subministración de produtos de calidade necesaria para a prestación dos servizos sanitarios, son obxectivos desta licitación centralizada: a homoxeneización da calidade do material usado nos centros da rede, racionalizar os procesos de compra e loxísticos, tras a integración de todas as estruturas de xestión do Sergas na súa plataforma loxística e contribuír á sustentabilidade económica do sistema sanitario público. O aforro previsto na contratación destes produtos sitúase ao redor do 18%.

A XUNTA DE GALICIA RENOVA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN MENIÑOS PARA DESENVOLVER O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR

- *O orzamento total do programa para o ano 2017 será de 618.000 euros, dos que a Administración autonómica achega 418.000 euros e a entidade contribúe con 200.000 euros*
- *O programa centrará a súa actuación nas áreas de reunificación, preservación e funcionalidade familiar e beneficiará a preto de 350 menores e 200 familias*

A Consellería de Política Social renovará o convenio de colaboración coa Fundación Meniños para a execución do programa de integración familiar nas catro provincias galegas en 2017, tal e como se acordou no Consello da Xunta celebrado hoxe. Esta acción está dirixida a menores e familias nas que se dean situacións de maltrato ou desprotección e con el prevese atender 350 menores e 200 familias. O orzamento total do programa será de 618.000 euros, dos que a Xunta de Galicia achega 418.000 euros e a Fundación Meniños contribúe con 200.000 euros.

O obxectivo final do programa é a incorporación do neno ou nena á súa familia nuclear ou extensa desde a situación de internamento ou acollemento familiar ou, cando sexa posible, evitar a separación. Para conseguilo, o programa traballará a área de reunificación familiar grazas ao cal se mellorará a situación socio-familiar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e están a residir en centros de acollida. A intervención realizarase directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer a reunificación familiar.

O programa tamén se centrará na área de preservación familiar, na que se potenciarán os recursos das familias, promovendo os cambios que eviten a separación do neno ou nena do seu contorno familiar. Por último, outro dos obxectivos do programa é avanzar na área de funcionalidade familiar. Para iso, buscarase que as actuacións de intervención se centren en que a familia poida romper a dinámica de deteriorización profunda de xeito que adquira unha funcionalidade familiar mínima e necesaria para, por unha banda, pasar posteriormente ás áreas de preservación ou de reunificación e, por outra banda, que a familia adquira a estrutura, funcionalidade e estabilidade suficientes.

No referente a medidas concretas, o programa de intervención familiar céntrase na intervención psicosocial para mellorar o funcionamento persoal e familiar, xerando cambios nalgún dos membros ou nas condicións de vida da familia e unha axeitada integración desta en redes de apoio social para proporcionar un ambiente familiar afectivo e protector para os nenos e nenas. Así mesmo, afondará na terapia e educación familiar, esta última orientada á adquisición, por parte das familias, de

habilidades e hábitos axeitados para atender as necesidades físicas, afectivas ou de resposta ás condutas dos nenos e nenas.

Aposta da Xunta de Galicia pola atención aos menores

Este programa está en funcionamento dende o ano 1996 e inscríbese na aposta da Xunta de Galicia pola atención a menores. Ademais, prima a reunificación ou preservación familiar sobre a tutela. O obxectivo principal, sempre que sexa o mellor para os menores, é mantelos no seu contorno familiar.

A Consellería de Política Social desenvolve distintos proxectos relacionados con menores como o acollemento familiar, os centros de menores, o programa de adopcións, as accións de inserción socio-laboral ou o programa de mediación familiar.

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA O APOIO ECONÓMICO ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA CONSOLIDAR A OFERTA DE PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS DE 0 A 3 ANOS

- *A convocatoria de axudas para o 2017 está dotada con 3.160.152 euros, o que supón un incremento orzamentario do 3% con respecto do ano 2016*
- *Por primeira vez concederáse un anticipo do 80% da cantidade subvencionada ás entidades beneficiarias e incorpórase a xustificación da subvención mediante módulos*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a convocatoria de axudas para o mantemento das escolas infantís de 0 a 3 anos dependentes de entidades privadas de iniciativa social no ano 2017, unha orde que ten como finalidade materializar a contribución da Administración galega ao sustentamento dos centros existentes e fomentar a mellora da súa calidade. Como novidade, concederáse un anticipo do 80% da cantidade subvencionada a todas as entidades beneficiarias para garantir a súa liquidez e tamén se incorpora, por primeira vez, a xustificación da subvención mediante módulos, o que permitirá ás entidades acreditar a axuda dun xeito máis sinxelo, ao tempo que se axiliza a súa xestión administrativa.

A convocatoria está dotada con 3.160.152 euros, o que supón un incremento orzamentario do 3% con respecto ao ano 2016. Serán subvencionables os gastos de persoal, de alimentación e outros gastos xerais de mantemento dos centros. A contía da axuda establécese en función do número de unidades da escola infantil autorizadas que estean en funcionamento na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes e da prestación do servizo de comedor. Deste xeito, os centros con servizo de comedor que teñan entre 1 e 3 unidades, recibirán 19.372 euros por un idade en funcionamento; os de 4 a 6 unidades recibirán 18.496 euros por unidade en funcionamento; e aquelas que conten con 7 ou máis unidades percibirán 17.609 euros por unidade en funcionamento. Aqueles centros que non dispoñan de servizo de comedor recibirán unha contía de 15.638 euros por unidade en funcionamento.

Con esta actuación, a Xunta de Galicia consolida a oferta de prazas de educación infantil entre 0 e 3 anos, o que permite ofrecer ás familias un servizo amplo de conciliación da vida familiar e laboral no que preste unha atención educativa de calidade e cuns prezos homoxéneos para as familias. Cómpre destacar que no ano 2016 foron subvencionados un total de 46 centros.

Programa de Apoio á Natalidade (PAN)

Esta convocatoria de axudas enmárcase no PAN- Concilia, e representa unha da liñas de actuación deste xa que se dirixe á constitución dunha rede galega de centros de

educación infantil 0-3 sustentados con fondos públicos, articulada e de calidade na que o papel das entidades privadas de iniciativa social é fundamental.

A atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de actuación da Xunta de Galicia, quen, a través do PAN, traballa no desenvolvemento dos mecanismos precisos para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade na vida familiar e laboral. Neste sentido, o PAN Concilia tamén busca crear un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición das familias recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos, como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial.

A REALIZACIÓN DE PRETO DE 1,5 MILLÓNS DE ANALÍTICAS ANUAIS DE MOSTRAS DE LEITE PERMITIRÁ AVANZAR NA MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN E AFIANZAR O SECTOR LÁCTEO GALEGO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para levar adiante este labor*
- *O importe do convenio é de 1,8 millóns de euros, a razón de 455.000 euros nos anos 2017, 2018, 2019 e 2020*
- *Esta iniciativa serve para avaliar xeneticamente os reprodutores e desenvolver o Programa de Mellora Xenética de Frisón de Galicia*

O Goberno galego aprobou esta mañá na súa xuntanza semanal a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para a realización dos análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia. Esta colaboración permitirá facer durante os vindeiros catro anos ata un total de 1.467.741 mostras anuais.

O orzamento total destinado para estas actuacións é de 1.820.000 euros, a razón de 455.000 euros para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020. Esta vez, o convenio ten carácter plurianual para, desta forma, asegurar a estabilidade na execución do plan, ao tempo que se mellora a súa xestión económica a un custo axeitado e eficiente.

A finalidade desta cooperación na realización de análises é a obtención de datos para avaliar xeneticamente os reprodutores e poder desenvolver o Programa de Mellora Xenética de Frisón de Galicia. Este programa ten por obxecto poñer á disposición dos gandeiros galegos material xenético de alta calidade producido en Galicia para obter animais máis selectos e eficientes na produción de leite e, deste xeito, mellorar a súa competitividade.

Laboratorio oficial

O LIGAL é o laboratorio designado por decreto como entidade oficial para realizar os análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en Galicia e para colaborar coa Consellería de Medio Rural no control leiteiro. Organiza a loxística da recollida e análise das mostras de leite e pon á disposición das asociacións provinciais de control leiteiro os datos obtidos para o seu posterior tratamento.

A XUNTA E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO MANTEÑEN A SÚA COLABORACIÓN PARA PREVIR E LOITAR CONTRA AS PRAGAS DOS VEXETAIS E ESPECIES FORESTAIS

- *O convenio céntrase na identificación dos axentes patóxenos que causan enfermidades nos vexetais e especies forestais para logo proceder á súa determinación e clasificación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural para asinar unha addenda ao convenio de colaboración que mantén desde hai anos coa Estación Fitopatolóxica do Areeiro -dependente da Deputación de Pontevedra- en materia de prevención e loita contra as pragas dos vexetais e as especies forestais da nosa comunidade.

A sanidade vexetal é unha prioridade do Goberno galego e, polo tanto, ante a aparición de novas enfermidades para os vexetais que poñen en perigo cultivos tan importantes para o campo galego como son os viñedos, a pataca ou os forestais, é preciso manter a colaboración cun dos centros máis prestixiosos no estudo de pragas vexetais para que, mediante unha estratexia conxunta de actuación, se atopen métodos de loita contra estas pragas.

Esta addenda permitirá seguir traballando na identificación dos axentes patóxenos que causan enfermidades nos vexetais e especies forestais, co fin de proceder á súa determinación e clasificación. A partir de aí, procederase ao desenvolvemento de proxectos de investigación conxunta -entre a consellería e Areeiro- para un mellor coñecemento do comportamento dos patóxenos nas condicións existentes na nosa comunidade.

O obxectivo principal é mellorar o seguimento das pragas para unha rápida detección e erradicación, xa que é unha obriga directa das comunidades autónomas. A sanidade vexetal é unha prioridade da Consellería para que os agricultores galegos teñan á súa disposición métodos eficaces de loita contra as pragas e así dispor de explotacións sans e rendibles.

Colaboración técnica da Consellería

Para este propósito, a consellería achega os técnicos do *Servizo de Sanidade e Produción Vexetal* e persoal provincial, os cales se encargarán de realizar o traballo de campo, levando a cabo a identificación de posibles cultivos infectados, establecemento de plans de acción, realización de actas de inspección e toma de mostras para o seu posterior envío ao laboratorio.

Pola súa parte, a Estación Fitopatolóxica do Areeiro determinará e clasificará estas especies patóxenas, realizando ensaios experimentais co fin de deseñar novos procedementos de loita contra pragas e enfermidades e adaptados ás condicións galegas.

A XUNTA CEDE OUTRAS SETE PARCELAS DO BANCO DE TERRAS AOS CONCELLOS DE LOURENZÁ, MUXÍA, MESÍA, BALTAR, ORDES E MONTERREI PARA O USO DOS VECIÑOS

- *Súmanse aos 26 predios xa entregados a diferentes municipios ata o de agora por interese social*
- *Os gobernos locais poderán así construír infraestruturas ou servizos que melloren a calidade de vida dos residentes no rural, ao tempo que se regulariza o catálogo do Banco de Terras quedando só aqueles predios con interese agrario*

O Consello da Xunta vén de autorizar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) a cesión de sete parcelas a seis concellos para a súa utilización por parte dos veciños. Sumaranse así, nun prazo aproximado dun mes, ás preto de 50 parcelas que xa están cedidas a distintos municipios por un interese social.

En concreto, as sete parcelas que serán cedidas pertencen ao concellos de Lourenzá, Muxía, Mesía, Baltar, Ordes e Monterrei. Este último recibirá un predio 2.357 metros cadrados para construír unha pista deportiva na concentración parcelaria de Albarellos-Vilaza. En Mesía, o goberno local prevé facer unha área pública de lecer na súa parcela de 4.743 metros cadrados, o mesmo plan que ten o concello de Ordes, que recibirá unha superficie de 795 metros cadrados en Ardemil para unha zona recreativa.

No caso de Baltar, o seu predio pertence á concentración parcelaria de Baltar-Tixos e mide 6.400 metros cadrados. O seu destino será a construción dunha piscina municipal con outras instalacións anexas e un campo da festa.

Muxía é o concello que recibe unha maior superficie nesta autorización, ata 11.414 metros cadrados na parcelaria de San Xulián de Moraime para novas infraestruturas, mentres que Lourenzá será o que dispoña de dous predios distintos. Un deles, na zona de Lourenzá sur de 783 metros cadrados para a construción dun local social con infraestruturas de lecer e divulgativas. Na parcelaria de Lourenzá norte, en cambio, recíbese unha parcela de 680 metros cadrados para un depósito de augas de abastecemento.

A cesión destas e outras parcelas que agora pertencen ao Banco de Terras permiten cumprir coas demandas de concellos e veciños das diferentes parroquias afectadas por procesos de concentración parcelaria. Permítese así a construción de infraestruturas e servizos que melloran a calidade de vida dos residentes no rural, ao tempo que se regulariza o patrimonio da Xunta de Galicia, permanecendo no Banco de Terras só aqueles predios con interese agrario.

Na actualidade, Agader está a estudar a situación dunhas 500 parcelas con diferentes tipoloxías (espazos de lecer, depuradoras, infraestruturas de rega e abastecemento de augas) para ceder aos seus respectivos concellos.

A XUNTA DE GALICIA REFORZA OS EQUIPOS PROFESIONAIS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO MARCO DO PLAN CONCERTADO

- *A Consellería de Política Social destina preto dun millón de euros á contratación dun total de 63 traballadores/as sociais, educadores/as e psicólogos/as*
- *O incremento de persoal redundará nunha mellora nos tempos e na calidade da atención que prestan e beneficiará a 40 concellos e entidades locais de Galicia*
- *Esta medida súmase á de actualización á alza do 12% dos módulos económicos para o cofinanciamento do persoal dos servizos sociais comunitarios. Ambas as medidas, no seu conxunto, supoñen un incremento de preto de 2 millóns de euros no orzamento destinado pola Comunidade Autónoma ao financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios municipais, o que totaliza unha suba do 22,40%*

A Consellería de Política Social informou no Consello da Xunta celebrado esta mañá da resolución pola que se aproba o financiamento do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais no marco do Plan concertado. O que na práctica permitirá a concellos e entidades locais o reforzo destes equipos grazas á contratación de 63 novos profesionais nas categorías de traballadores/as sociais, educadores/as sociais e psicólogos/as. Para iso, a Xunta de Galicia destinará preto dun millón de euros (960.289,50 euros).

Así as cousas, a medida, beneficiará, nun primeiro termo, 40 concellos e entidades locais de Galicia, como titulares dos servizos sociais comunitarios e beneficiarios destas transferencias finalistas para o cofinanciamento do seu persoal. Dun xeito máis amplo, tamén beneficiará todas as administracións públicas e entidades que forman parte do sistema galego de servizos sociais, xa que redundará nun mellor funcionamento de todos os demais niveis de actuación e atención.

Atendendo ao tamaño poboacional de cada concello, o financiamento distribuirase entre 7 concellos de menos de 5.000 habitantes; 10 concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes; 6 concellos entre 10.001 e 20.000 habitantes; 12 concellos de entre 20.001 e 50.000 habitantes e un total de 5 concellos con máis de 50.000 habitantes.

O incremento de persoal dos servizos sociais comunitarios municipais permitirá un avance nos tempos e na calidade da atención que prestan estes servizos á cidadanía ao tempo que se mellora a efectividade das accións postas en marcha co obxectivo de acadar os obxectivos de loita contra a pobreza e a exclusión social recollidos na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

Esta medida súmase á de actualización á alza do 12% dos módulos económicos para o cofinanciamento do persoal dos servizos sociais comunitarios, publicada a través

dunha orde o pasado mes de xullo. Ambas as medidas, no seu conxunto, supoñen un incremento de preto de 2 millóns de euros no orzamento destinado pola Comunidade Autónoma ao financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios municipais, o que totaliza unha suba do 22,40%.

Cómpre destacar que este reforzo do persoal forma parte dos compromisos asumidos pola Administración autonómica no marco da Axenda Social asinada conxuntamente pola Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Rede Galega contra a Pobreza no pasado mes de xuño.